

# COMPRESIÓN GALEGO 1



Corrección de texto: Rebeca Fernández Facal    Ilustracións: Print Artist 8

 **EQUIPO  
DINAMIZACIÓN  
LINGUA GALEGA**


CEIP GALÁN OSEIRO - ARTEIXO



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Nome:

Data:



COMPRESIÓN  
GALEGO 1

1

## O VAQUEIRO

O vaqueiro perdeu o seu cabalo na montaña á noitiña.

1.- *Que perdeu o vaqueiro?*

2.- *En que lugar o perdeu?*

3.- *Cando perdeu o seu cabalo?*

4.- *Como se chama a femia do cabalo? Colorea*

GATA

ÉGUA

COELLA

CADELA

Nome: \_\_\_\_\_

Data: \_\_\_\_\_



COMPRESIÓN  
GALEGO 1

2

## A MONTAÑA RUSA

Os irmáns Roi e Antía soben á montaña rusa na feira que hai na súa cidade.

1.- *Como se chaman os irmáns?*

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

2.- *A onde soben?*

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

3.- *Que son Roi e Antía?*


\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

4.- *Onde está a feira?*

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Nome: \_\_\_\_\_

Data: \_\_\_\_\_



COMPRESIÓN  
GALEGO 1

3

A CAMA

Mamá ensinoulle ao meu irmán a facer a cama todas as mañás cando se levanta.

1.- *Quen fai a cama?*

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

2.- *Quen lle ensinou a facer a cama?*

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

3.- *Cando fai a cama o meu irmán?*

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

4.- *Quen fai a túa cama na túa casa?*

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Nome:

Data:


COMPRESIÓN  
GALEGO 1

4

## A CANTANTE

A cantante actuou co seu grupo durante cinco horas no escenario, utilizando un micrófono vello.

1.- *Quen actuou?*

2.- *Cantas horas estivo cantando?*

3.- *Onde actuou a cantante?*

4.- *Que utilizou para que se lle escoitara mellor?*

Nome: \_\_\_\_\_

Data: \_\_\_\_\_



COMPRESIÓN  
GALEGO 1

5

## A TÍA LUCRECIA

A miña tía Lucrecia, todas as fins de semana, despois de comer, toma café con leite desnatado.

1.- Como se chama a miña tía?

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

2.- Cando toma o café a tía Lucrecia?

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

3.- Con que toma o café?

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

4.- Como é o leite?

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Nome:

Data:


COMPRESIÓN  
GALEGO 1

6

## O CATARRO

Sara ten catarro. Onte, cando ía ao colexio, meteu os pés nunha charca e mollounos.

1.- *Que ten Sara?*

2.- *Onde meteu os pés?*

3.- *Cando meteu os pés nunha charca?*


  

4.- *Onde ía cando mollou os pés?*

Nome:

Data:

COMPRESIÓN  
GALEGO 1

7

A FAMILIA  
LOUREIRO

A familia Loureiro saíu o sábado a dar un paseo en barca polo lago. Ía un bo día de primavera.

1.- Como se chama a familia?

2.- Por onde pasearon?

3.- En que paseaban?


  

4.- Que día da semana saíron de paseo?



Nome: \_\_\_\_\_

Data: \_\_\_\_\_



COMPRESIÓN  
GALEGO 1

8

O BAÑO

Sabela lava a testa do seu fillo Xulio durante o baño que lle fai cada noite antes de ir durmir.

1.- *Como se chama o fillo de Sabela?*

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

2.- *Cando se baña Xulio?*

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

3.- *Que lle lava Sabela a Xulio?*


\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

4.- *Que vai facer Xulio despois do baño?*

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Nome:

Data:



COMPRESIÓN  
GALEGO 1

9

**CARMIÑA É  
DIABÉTICA**

Carmiña é diabética, por iso, como lle gustan tanto os xeados, a súa nai cómprallos sen azucre.

1.- *Que lle pasa a Carmiña?*


2.- *Que é o que lle gusta tomar?*

3.- *Quen lle compra os xeados a Carmiña?*

4.- *Que é o que non teñen os xeados de Carmiña?*

Nome:

Data:



COMPRESIÓN  
GALEGO 1

10

ANTÓN É MOI  
LIMPO

Antes de comer Antón, sempre se lava as mans. É algo que aprendeu de pequeno cando tiña tres anos e ía ao colexio. Antón é un neno moi limpo.

1.- *Quen se lava as mans?*

2.- *Cando lava as mans Antón?*


3.- *Cando aprendeu a lavar as mans?*

4.- *Como é Antón?*

Nome:

Data:

COMPRESIÓN  
GALEGO 1

11

QUE LAMBÓN!

Di a súa avoa que Roque é moi lambón porque lle encanta comer. O que máis lle gusta é merendar un bocadillo de xamón con tomate e unha mazá.

1.- *Quen é un lambón?*

2.- *Quen di que Roque é un lambón?*

3.- *Que bocadillo é o que máis lle gusta?*


  

4.- *Que é un lambón?*

Nome:

Data:

COMPRESIÓN  
GALEGO 1

12

A VIAXE

Adrián vive en Betanzos, preto do aeroporto e gústalle moito ver pasar os avións. Seu pai é piloto e prometeu levalo a Eurodisney se saca boas notas.

1.- Onde vive Adrián?

2.- Que profesión ten seu pai?

3.- Onde prometeu levalo?


  

4.- Que ten que facer Adrián para ir a Eurodisney?

Nome:

Data:

COMPRESIÓN  
GALEGO 1

13

## O NADAL DE UXÍO

Este nadal Uxío foi á granxa dos seus avós en Mondoñedo. Alí coidou de todos os animais: recollía os ovos, botaba penso aos porcos e muxía ás vacas.

1.- Onde foi Uxío?

2.- Cando foi Uxío a casa dos seus avós?

3.- Que facía cos porcos?

4.- Que lle facía Uxío ás vacas?

Nome:

Data:


COMPRESIÓN  
GALEGO 1

14

**QUE EMPACHO!**

Despois de nadal, Carmela, a nai de Carolina, engordou e apuntouse a un ximnasio. Carolina dille que non lle servirá de nada porque segue comendo larpeiradas.

1.- *Que lle pasou a nai de Carolina?*

2.- *A que se apuntou Carmela?*

3.- *Que lle di Carolina á súa nai?*


  

4.- *Que segue a comer Carmela?*

Nome:

Data:

COMPRESIÓN  
GALEGO 1

15

## UN BO LIBRO

A Ana gústalle máis ler un libro que ver a televisión, porque así pode imaxinar aquilo que le. Os libros que prefere son os de aventuras e de animais.

1.- *Que lle gusta máis a Ana?*

2.- *Por que lle gustan máis os libros que a televisión?*

3.- *Que libros prefere Ana?*


4.- *Que libros prefires ti?*



Nome:

Data:

COMPRESIÓN  
GALEGO 1

16

UN BO PRATO

Como máis feliz é Águeda é saboreando un bo prato de comida que fai a súa nai. Os sábados come asado e os domingos lentellas, que prepara o seu pai.

1.- Como é máis feliz Águeda?

2.- Que come Águeda os sábados?


3.- E os domingos?

4.- Quen prepara a comida os domingos?

Nome: \_\_\_\_\_

Data: \_\_\_\_\_



COMPRESIÓN  
GALEGO 1

17

## A ALERXIA

Coa chegada da primavera hai moita xente que sofre alerxia, como lle pasa a Anxo, que non para de espirrar e de picarlle os ollos que parece que está a chorar.

1.- *Que enfermidade sofre moita xente en primavera?*

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

2.- *Que lle pasa a Anxo?*

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

3.- *En que época do ano lle pasa?*


\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

4.- *Que dúas molestias ten Anxo en primavera?*

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Nome: \_\_\_\_\_

Data: \_\_\_\_\_



COMPRESIÓN  
GALEGO 1

18

## OS AVÓS DE AFONSO

Afonso e Carme, os avós de Afonso, veñen de vacacións en avión a Santiago para visitalo, dende un país moi afastado que se chama México.

1.- *Como se chaman os avós de Afonso?*

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

2.- *A onde veñen de vacacións?*

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

3.- *Para que veñen a Santiago?*


\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

4.- *De que país veñen os avós de Afonso?*

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Nome:

Data:



COMPREENSIÓN  
GALEGO 1

19

ROI QUERE  
PATINAR

Roi está moi enfadado porque a súa irmá non lle deixa os patíns. Un día colleunos pero, cando saíu á rúa, caeu de cu e á súa irmá deulle un ataque de risa.

1.- *Por que está moi enfadado Roi?*

2.- *A onde saíu cos patíns cando os colleu?*

3.- *Que lle pasou a Roi cando foi á rúa cos patíns?*

4.- *Que lle deu á irmá de Roi cando caeu?*

Nome: \_\_\_\_\_

Data: \_\_\_\_\_



COMPRESIÓN  
GALEGO 1

20

## O ORDENADOR DE MINGOS

A Mingos encántalle pasar as horas diante do ordenador. Ve películas de debuxos e navega por internet. Cando non funciona internet, abúrrese moito.

1.- *Que lle encanta a Mingos?*

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

2.- *Que fai Mingos no ordenador?*

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

3.- *Que lle pasa cando internet non funciona?*

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_


4.- *Que cousas se poden facer sen ordenador?*

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Nome:

Data:

COMPRESIÓN  
GALEGO 1

21

MIRA QUEN BAILA!

A miña irmá Rosalía pon a música tan alta na súa habitación que miña nai sempre lle berra, pero ela non fai caso e ponse a bailar como unha tola.

1.- *Como se chama a miña irmá?*

2.- *Que fai na súa habitación?*


3.- *Que fai a nai de Rosalía cando pon a música?*

4.- *Como baila Rosalía na súa habitación?*

Nome:

Data:



COMPRESIÓN  
GALEGO 1

22

DENÍS LE O  
XORNAL

A Denís encántalle ler o xornal todas as mañás mentres bebe un zume de laranxa, leite e dúas torradas. O que máis lle gusta son as noticias de deportes.

1.- *Que lle encanta a Denís?*


2.- *Cando le o xornal?*

3.- *Que toma no almorzo?*

4.- *Que noticias son as que máis lle gustan a Denís?*

Nome:

Data:



COMPRESIÓN  
GALEGO 1

23

O PAXARO

Sabela ten un paxaro verde. Regaloullo o seu curmán Uxío polo seu aniversario. O paxaro aliméntase de alpiste e vive nunha gaiola moi grande.

1.- *Que ten Sabela?*

2.- *Quen lle regalou o paxaro?*


3.- *De que se alimenta?*

4.- *Onde vive?*



Nome:

Data:



COMPRESIÓN  
GALEGO 1

24

TAMARA É FELIZ

Esta mañá cando Tamara soubo a súa nota de Galego púxose moi feliz. Sacou un dez. Na casa déronlle de agasallo un oso de peluche de cor laranxa.

1.- *Por que se puxo tan feliz Tamara?*

2.- *Cando lle comunicaron a nota de Galego?*


3.- *Que lle deron na casa de agasallo a Tamara?*

4.- *De que cor era o oso de peluche?*

Nome:

Data:

COMPRESIÓN  
GALEGO 1

25

## XAIME CHORA

Esta tarde, cando Xaime xogaba ao fútbol no xardín da súa casa tropezou cunha pedra e caeu. Chorou moito porque se fixo unha ferida no xeonllo.

1.- *A que xogaba Xaime?*

2.- *Onde xogaba Xaime ao fútbol?*

3.- *Con que tropezou?*


  

4.- *Onde se fixo unha ferida?*

Nome:

Data:

COMPRESIÓN  
GALEGO 1

26

## A BONECA

Uxía ten unha boneca nova. Gústalle vestila con roupa feita por ela mesma. Onte fíxolle unha camiseta azul e mañá vaille facer un pantalón amarelo.

1.- *Que ten Uxía?*

2.- *Quen lle fai a roupa á boneca?*


3.- *Que roupa lle fixo onte?*

4.- *Que roupa lle fará mañá?*

Nome: \_\_\_\_\_

Data: \_\_\_\_\_



COMPRESIÓN  
GALEGO 1

27

## A BICICLETA

A Lorena encántalle a bicicleta que lle trouxeron os seus tíos de Carballo. É de cor verde, ten dúas rodas e un guiador. Xoga con ela polas tardes no xardín.

1.- *Que lle encanta a Lorena?*

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

2.- *Quen lle trouxo a bicicleta?*

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

3.- *De que cor é?*

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_


4.- *Cando xoga con ela?*

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Nome:

Data:

COMPRENSIÓN  
GALEGO 1

28

ALICIA E LOIS

Alicia e Lois son irmáns. Ela coida do seu irmán porque é un bebé e precisa moitos mimos. Pola mañá toman a parva: el un iogur e ela un bocadillo.

1.- *Como se chaman os dous irmáns?*

2.- *Por que Alicia coida a Lois?*

3.- *Que precisa Lois?*

4.- *Que toman pola mañá Alicia e Lois?*

Nome:

Data:


COMPRESIÓN  
GALEGO 1

29

## A AVOA XULIA

A avoa Xulia é moi moderna. Sempre leva vestidos de cores vivas, sombreiros con flores e lentes graduadas. Gústalle moito o campo e plantar árbores.

1.- *Como é a avoa Xulia?*

2.- *Como vai vestida?*

3.- *Que dúas cousas lle gustan moito?*


  

4.- *Para que son as lentes que leva a avoa Xulia?*

Nome:

Data:

COMPRESIÓN  
GALEGO 1

30

## XOÁN E OS CONTOS

Xoán ten seis anos e xa sabe todas as letras. Agora sabe ler e pola noite le un conto na cama. Onte leu a «Pinocho» e antonte leu «Os tres porquiños».

1.- *Cantos anos ten Xoán?*

2.- *Que fai cada noite?*

3.- *Que libro leu onte?*

4.- *Cando leu «Os tres porquiños»?*